



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA**Mesa de Carreira Administrativa da AEAT**

Hoxe tivemos en Madrid a reunión da Mesa de Seguimento de Carreira Administrativa co fin de estudar a viabilidade das reclasificacións que levamos tanto tempo esperando.

A AEAT, na súa intervención inicial, deixou ben claro que a proposta que presenta na mesa é algo excepcional e que o único encaixe legal que atopa para poder defender as reclasificacións é a adopción de medidas de carácter organizativo e puntuais polas especiais circunstancias deficitarias na que se atopa a Axencia e que dalgún modo quede reflectido que o persoal está asumindo función de superior categoría. A reactivación do acordo non é posible tal e como está concebido e para que teñamos suba salarial hai que tirar por outra vía, iso témolo que ter moi claro xa que as sucesivas leis de orzamentos impiden calquera posibilidade de reclasificación xeral nos termos establecidos no Acordo de Carreira

A posibilidade que temos só se pode defender nun marco de medidas relativas á problemática actual da AEAT e a unha nova ordenación dos RR.HH a través destas medidas, de feito, os responsables da AEAT comentaron que a reunión de hoxe estivo a punto de suspenderse unha vez máis.

O que se presenta na Mesa é unha proposta que resumimos brevemente:

- **Haberá tres datas posibles de reclasificación** que serán o 1/09/2018, 1/03/2019 e o 1/09/2019. O tempo transcurrido desde a última reclasificación ou permanencia no posto tras o acordo de carreira do 14/11/2007 terase en conta para a suba de un tramo, dous, ou, no mellor dos casos, incluso tres tendo en conta os anos de permanencia en cada tramo que recolle o acordó anterior. Establécese unha reclasificación en mellores condicións para determinadas zonas moi deficitarias (Canarias, Cataluña e Baleares), cuns dereitos non consolidables, xa que ao deixar eses destinos recalcularíase de novo a súa carreira para que o funcionario quedara na mesma situación que o resto dos compañeiros da súa promoción.
- Nesa última data (01/09/2019) establececese tamén a posibilidade dunha **reclasificación adicional** naqueles casos de postos que só tiveran como moito dúas reclasificacións anteriores en función da súa antigüidade (no caso de promoción a antigüidade no subgrupo anterior computa ao 50%)



- Confederación Intersindical Galega

- **Abrése o tramo 6º** que pasará a ocuparse normalmente por quen teña os requisitos
- **Carreira vertical:** a Administración informounos que único marxe que ten nestes momentos é a suba de complementos específicos nun porcentaxes determinados, sempre por riba do tramo 6, suba que se contemplará para todos os subgrupos que ocupen postos de carreira vertical. Analizarase tamén o número e características destes postos para convocar os concursos pertinentes a partir do segundo semestre do 2019.
- **Inspectores:** en función de parámetros de antigüidade terán a posibilidade de reclasificación dos postos ocupados
- A AEAT comprométese a convocar á CPVIE do **persoal laboral para o vindeiro mércores** para a adecuación dos seus postos

Para a **CIG** o ideal sería a reactivación do Acordo tal e como o coñecemos pero asumimos que iso, a día de hoxe, non é posible. Certos aspectos do acordo de Carreira que coñecemos tomáñse como base pero o certo é que estamos ante un novo escenario.

A pesar de dar a conformidade co documento, pois suporá unha mellora retributiva sustancial a máis do 90% dos traballadores da AEAT mostramos a nosa disconformidade con algunha das cuestións que en él se recollen e pedimos que constara en acta:

- Aínda que, tras escoitar as explicacións da AEAT, entendemos que legalmente non se pode facer doutro xeito, non nos gusta que haxa que aceptar expresamente que a suba de nivel pode supoñer funcións de maior categoría. Xa estivemos moitos anos sen reclasificacións e a AEAT non se preocupou de pagar como debería aos que asumían traballos de maior responsabilidade. A Administración insistiu de novo que é esa é a clave desta mellora salarial, pois doutro xeito legalmente non se podería autorizar, e está nas nosas mans



Confederación Intersindical Galega

aceptalo así ou non. Pedimos que quede clariño os criterios dos requisitos de capacidade funcional para asumir funcións para que non haxa marxe algún de discrecionalidade

- Non entendemos que na aceptación do documento teña que aparecer expresamente que conta co respaldo do Corpo de Inspectores. Así o pediu o resto do parte social, excepto nós, pois no primeiro borrador entregado pola AEAT iso non figuraba. Á CIG non lle importa se o acordo conta co apoio dos inspectores ou non, impórtanos a opinión dos traballadores e traballadoras que levan anos e anos esperando por unha reclasificación.

Aínda que lle vemos as pegas que vos poñemos na nota decidimos por interese xeral dos traballadores apoiar o documento, pois suporá unha mellora salarial moi importante para os traballadores da casa. Esperamos non equivocarnos coa decisión tomada desde logo coa mellor das intencións.

O martes haberá Mesa Xeral con toda a parte social para ratificar o documento, e haberá unha mesa de seguimento tras cada reclasificación para o estudo singular dos casos que poidan plantexar dúbidas.

A AEAT confirmounos que, dado o grande volumen de reclasificacións (ou adaptacións de postos) afectados polo Acordo non vai ser posible incluír a suba do primeiro tramo na nómina de setembro polo que, cando sexa posible, cobraremos os atrasos pertinentes, iso sí, con efectos do 01/09/2018.

SEGUIREMOS INFORMANDO